

Teatro

Panóptico

Vanesa MARTÍNEZ SOTELO

Panoptismo

Un espazo pechado, recortado, vixiado en todos os seus puntos, no que os individuos se atopan insertos nun lugar fixo, no que até o menor movemento está controlado, no que todos os acontecementos están rexistrados, no que o poder se exerce por completo segundo unha figura xerárquica continua, na que cada individuo está constantemente localizado, examinado e distribuído entre os vivos, os enfermos e os mortos. Todo isto constitúe un modelo compacto do dispositivo disciplinario.

O Panóptico de Bentham é a figura arquitectónica desta composición. Coñecido é o seu principio: na periferia, unha construción en forma de anel; no centro, unha torre de anchas fiestras que se abren na cara interior do anel. A construción periférica está dividida en celas e cada unha delas atravesa todo o ancho da construción. As celas teñen dúas fiestras: unha que dá ao interior, correspondente ás fiestras da torre, e outra que dá ao exterior e permite que a luz atravesa a cela dunha parte a outra. Así, abonda con situar a un vixiante na torre central e pechar en cada cela a un tolo, un enfermo, un condenado, un obreiro ou un escolar. Polo efecto da contraluz, desde a torre pódense percibir, recortándose perfectamente sobre a luz, as pequenas siluetas presas nas celas da periferia.

O dispositivo panóptico dispón unhas unidades espaciais que permiten ver sen cesar e recoñecer o punto. Invírtese así o principio do cabozo, ou máis ben, das súas tres funcións (encerrar, privar de luz e ocultar), mantendo unicamente a primeira. Desta forma, o suxeito é visto, mais non ve, é obxecto dunha información, nunca suxeito nunha comunicación.

En definitiva, o maior efecto do panóptico é inducir no detido un estado consciente e permanente de visibilidade que garanta o funcionamento automático do poder.

Michael Foucault

PERSONAXES

Mos: Soldado cego. SEN vísceras

Ros: Vixía. SEN pel.

Mist: Pintor. SEN talento.

O novo: Náufrago.

1.

Desesperanza. Sol. Paredes altas erixidas nunha illa no medio da nada. Intúese o mar. Escóitase o mar alto, incesante e incansable que se estende libre máis aló do horizonte.

Mos: Ostia de cornetas! Cando han parar de tocar? *(Silencio)* E o novo?

MIST: Seica non quere saír.

Mos: Pensa que vai resistir.

MIST: Sempre se pensa.

Mos: Ao principio.

MIST: Ao principio sempre se pensa.

Mos: Un, ou se adapta, ou remata coma todos.

MIST: Coma o último. Heino botar en falta.

Mos: Ao último?

MIST: Si.

Mos: Eu non. E ti, halo botar en falta? *(A Ros)*

Ros: *(Silencio)*

Mos: Fala!

Ros: *(Silencio)*

Mos: Di algo.

Ros: *(Cuspe no chan)*

Mos: Di algo, ostia!

Ros: *(Silencio)*

Mos: Tes que obedecer!
 Ros: (*Silencio*)
 Mos: Digo que tes que obedecer! Di algo.
 Ros: Miau, digo. (*Cuspe no chan*)
 Mos: Se aínda estás aquí é para falar, non para miañar. Di algo, digo.
 Ros: (*Despois dun prolongado silencio*). Parece que alguén marcha.
 Mos: Nas túas fodidas historias sempre marcha alguén.
 Ros: De que serve? Que fale, digo. De que serve? Canto digo é mentira.
 Mos: Inventa, digo. Inventa.
 Ros: A miña imaxinación é limitada. (*Cuspe no chan*).
 Mos: Pensas que é doado ser un home sen intestinos? Bótalle algo de surrealismo a esta merda.
 Ros: Falar por dinámica é inmoral.
 Mos: É síntoma de supervivencia. Ademais, ti tampouco tésc conciencia.
 Ros: Arrincáronme a pel, non a dignidade.
 Mos: Cando non tésc estómago para dixerir as cousas, podes tragar con todo.
 Ros: Se quedaches sen ollos sería porque había algo que non aturabas ver.
 Mos: Non vas ser ti quen me dea clases de conciencia.
 Ros: Só hai un tipo de conciencia. E non podes mercala.
 Mos: Xa vin máis do que tiña que ver.
 Ros: Non pechaches os ollos cando saíches de Cuba.
 (*Mos fai aceno de irlle bater, mais contense*).
 Ros: Non son quen de durmir. Antes durmía. Cando tiña que facer. Adoitaba durmir moito. Cando tiña que facer. Despois vixiaba. Dez horas no meu posto. Ás veces quedaba durmido sen facer nada. Pasaba as tardes libres mirando o teito. O domingo abría as fiestras. Cando chovía miraba o cristal desde a cama. Son un experto, un profesional da contemplación. Fun admirador de... Tanto ten, case quedo cego. (*Pausa*) Erguíame polas mañás e miraba. Sentaba na garita a vixiar. Dez horas a fitar o campo aberto, o campo branco, cuberto pola neve. Despois da batalla tamén. Tamén quedaba mirando despois da batalla. Por pracer. A neve vermella. Vaia paisaxe a neve vermella despois da batalla. O frío actívalle a un a mente. É preciso ter sangue frío para continuar vivo. Por iso preferiría telo quente... O frío...

Mos: Podes calar ti e mais o teu frío? Morro coa calor.
 MIST: Parece que alguén marcha.
 Ros: Sempre marcha alguén.
 MIST: Cres que rematarían os bombardeos?
 Mos: Aínda non.
 MIST: Por que estás tan seguro de que non remataron coas bombas?
 Mos: Escoitaches algún estalido?
 Ros: Se remataran alguén viría buscarnos.
 MIST: Rescatarnos.
 Ros: Salvarnos.
 MIST: Liberarnos. E se se esqueceron de nós?
 Ros: E se non quedou ninguén?
 MIST: Que hora é?
 Mos: O sol vai alto.
 MIST: Teño unha cita.
 Mos: Di que ten unha cita.
 Ros: Unha cita.
 MIST: Ás seis. Dixeron que virían ás seis. Avisaranme? Hanme avisar?
 Mos: Se veñen...
 Ros: Se ninguén marcha...
 Mos: Ostia de cornetas!
Soa a sirena. Voltan ás súas celas.

2.

Desesperanza. Interior. Os reclusos realizan os seus exercicios vespertinos.

Mos: (*A Ros*) Alemaña, mil seiscientos corenta e oito, despois de trinta anos.
 Ros: Westfalia. (*A Mos*) Zstivarorok.
 Mos: Mil seiscientos seis. Fin da guerra entre Turquía e o Imperio alemán. (*A Ros*) Século deza-sete: perda de territorios españois ao sur de Flandes.
 Ros: Nimega, mil seiscientos setenta e oito. (*A Mos*) Mil seiscientos cincuenta e oito, Roskilde.
 Mos: Dinmarca cédelle a Suecia as súas provincias meridionais. (*A Ros*) Gulistán.
 Ros: Mil oitocentos trece. Persia cédelle a rexión do Cáucaso a Rusia. (*A Mos*) Río Dniester, fíxase a fronteira entre Rusia e Turquía.
 Mos: Jassy, mil setecentos noventa e dous. (*A Ros*) Kiel, fin das hostilidades entre Suecia e Dinamarca.
 Ros: Doce de xaneiro de mil oitocentos catorce...
 Mos: Catorce.

ROS: Catorce. Mil oitocentos catorce.
 MOS: Catorce, non doce.
 ROS: Non dixeran doce, dixeran catorce.
 MOS: Dixeches doce.
 ROS: Non, dixeran doce de xaneiro de mil oitocentos catorce.
 MOS: Catorce. Catorce de xaneiro de mil oitocentos catorce... Pon a corda. Ao redor do pescozo.
 MIST: Realmente hai alguén? Cres que hai alguén que nos vivía?
 ROS: Sempre hai alguén.
 MOS: Cala! Eles poden verte a ti, pero ti non os podes ver.
 ROS: Non te podes agochar.
 MOS: Cala! A luz fala por ti. Ou por que pensas que nunca a apagan?
 MIST: Pero non poden escoitar o que dicimos.
 MOS: Tanto ten.
 MIS: E pensar?
 MOS: Pensando non vas saír daqui.
 ROS: Sen pensar tampouco. Deixa que escolla.
 MOS: Quero evitarlle padecementos.
 MIST: Estou farto desta luz. Cando a van apagar?
 ROS: Non podo durmir.
 MOS: Para iso é.
 ROS: Antes durmía. Cando non tiña que facer. Durmía.
 MOS: Mira para o teito.
 ROS: Sen durmir un home pode volverse tolo.
 MIST: Sen intimidade tamén.
 ROS: Sabes cantos anos pasa a durmir un home normal?
 MOS: Intimidade? Onde pensas que estás?
 ROS: Media vida.
 MOS: Non estás aquí para descansar de ti, nin para purgar as túas faltas. (*Pausa*) Pensas que nacín así?
 ROS: Antes eras peor ca isto. Ou xa esquenches?
 MIST: Vannos liberar.
 MOS: Quen? Os que te meteron?
 MIST: Escoiteinos.
 MOS: Escoitáchelos?
 MIST: Escoiteinos.
 MOS: Aos políticos?
 MIST: Si.
 ROS: Eu escoiteinos unha vez. Case me deixan xordo: infección otítica.
 MIST: Prometérono.

MOS: Prometer é doado. (*Pausa*). Non sei que fixeches ti, pero eu son inocente e aquí me tes. Só cumprín co meu deber. Non houbo outra vida antes e se a houbo, mellor non a extrañes ou tardarás máis en morrer. Ese ha ser o único día da túa liberación. (*A ROS*) Pon a corda. Ao redor do pescozo.

3.

Desesperanza. Sol. Exterior. Cornetas e tambores.

MOS: E o novo?
 MIST: Aínda non quere saír.
 MOS: Son setenta días de aillamento. Canto máis pensa aguantar? Cantos días leva alí metido? Setenta e cinco?
 MIST: Setenta e oito.
 ROS: O momento da descarga é o peor.
 MOS: O momento da mangureira é insufrible.
 ROS: Cando che quitan a roupa e te deixan no soto...
 MOS: Aínda teño frío...
 ROS: Iso háte manter con vida
 MOS: Cando se che comeza a reseca a esclerótica...
 ROS: Non tiñas esclerótica.
 MIST: Non lembro...
 ROS: Deixáronte sen memoria.
 MOS: Ao final ha dar o brazo a torcer. Coma todos, non é? Coma todos ao final. Dáme a corda. Axeónllate. Axeónllate, fillo de puta, ponte de xeonllos. (*Fai aceno de baterlle, mais contense*).
 MIAÑA.
 ROS: Non.
 MOS: Estás aquí para miañar, non para replicar. (*Tira da corda*)
 ROS: A...
 MOS: MIAÑA (*Tíralle da corda*).
 ROS: Au...
 MOS: MIAÑA!
 ROS: MIAUAAUUUU
 MOS: Berra, porco, berra. Na mesma batalla libraMos combates diferentes, o teu contra min, o meu contra ti. Os dous caemos, na mesma batalla, no mesmo burato. Soportámonos. PagaMos o mesmo prezo. Os que matades animais tan ferMosos deberíades estar mortos. Dixeran que non tocaras o gato.
 ROS: Tiña fame...
 MOS: Non repliques. A fame non é unha excu-

sa. Miaña! Lembras aquel gato? Lembras cando lle arrincaches a pel? Podes lembralo? Que cres que se lle pasaría ao gato pola cabeza? Que lle pasa a un pola cabeza cando lle arrincan a pel? Que lle pasaría a un gato pola cabeza? Sábelo?

Ros: Miau.

Mos: Exactamente. *(Pausa)* Iso é todo?

Ros: Miau.

Mos: Fala. Que ves?

Ros: Miau.

Mos: Fala, en cristián, non entendo o persa! Que ves?

Ros: O ceo vermello de Cuba. Cando pisaMos Cuba por última vez. Vexo a un home cegado polo sol, a correr. Escapa. Vexo a un home que corre entre minas de sal, sen poder conterse, sen poder evitar volver a mirada. E mentres corre ve como arde a muller á que quixo, ve como arde o fillo a quen quixo, ve arder ao can que lle foi fiel, a casa que construíu, aquela merda de coche...E odia, odia ao incendiario. E foi el mesmo quen lle plantou lume, por orde divina, por orde suprema...e non apartou os ollos das lapas. Non era odio, nin culpa o que sentía, era disciplina e obediencia, unicamente. Era fe.

Mos: Cala. *(Silencio)* Que máis ves?

Ros: A Cristalina.

Mos: Á Cristalina?

Ros: En Bruxelas...Despois de Fleurus.

Mos: Ah, Eleonor...Eleonor, a Cristalina, en Bruxelas. O outono é a mellor época para visitar Bruxelas. Nunca vivira tan intensamente. Foi despois de ocupar de París.

Ros: Foi despois de invadir Bélxica.

Mos: Cala.

Ros: Miau.

Mos: Eleonor, a Cristalina. Eu mesmo lle rapei o pelo. Tiña unha cálida melena dourada... Queimeilla, ardeu na batalla. Ah, Eleonor a Cristalina. ¡Que país, a cama de Eleonor a Cristalina! Foi alí onde descubrín que unha orxía non ten por que ser o lugar máis solitario do mundo. A Cristalina, dicíalle, polo ollo, e por todos aqueles espellos repartidos polo cuarto, perfectamente ubicados no cuarto de Eleonor, a Cristalina. Espellos no teito, no chan, nas paredes, nos armarios, na parte interior das portas dos armarios, os pequenos espellos das lámpadas, o espello do tocador... Era fantástico...verse reflectido nos espellos mentres fodías naquel cuarto sen fiesstras... Lembras cando lle tapaches a boca e se lle soltou o ollo? Saiu disparado e foi escachar con-

tra un dos espellos do cuarto de baño. Así foi como comezou a túa mala sorte. *(Bátelle)*. Se puidera saír, se puidera afogar nese mar pediría que o meu corpo fora arrastrado deica o leito de Eleonor a Cristalina, en Bruxelas... E ti pintor, ti onde irías?

MIST: A Venecia.

Mos: A Venecia? Venecia está chea de auga.

Ros: Está case asulagada. Como deberíaMos estar nós.

Mos: Fala por ti.

MIST: Iría a Venecia. A morrer lentamente.

Ros: Vaia cousas tes!

MIST: Aquí mórrese moi a présa.

Mos: Fala por ti.

Ros: Hai que ser medio anfibio para sobrevivir en Venecia.

Mos: Haberiaste adaptar ben, xa es medio réptil...

Ros: Eu non me arrastro.

Mos: Sempre te arrastraches ante min.

Ros: Eu iría afundirme no ventre da miña muller. Agora é a miña viúva e a patria de calquera outro. Merda de revolución.

Mos: Cala! Non blasfemes!

Ros: Non queda nada.

Mos: Non o perdín todo por nada.

Ros: Non tes nada. Todo ardeu na batalla.

Mos: Eu non vin nada arder.

Ros: Daquela xa non tiñas esclerótica.

Soa a sirena...

4.

Desesperanza. A penumbra ilumina con dificultade o irrealismo suxo das celas nas que sobreviven os catro homes. Mos, en pé e suxeitando os pantalóns pola parte traseira coa man esquerda, fita a parede que lle serve de horizonte. Sobre el, ben alto, unha fiestra a través da que se intúe o mar. Ao seu lado, de xeonllos e amarrado polo pescozo continúa Ros, que cuspe no chan. No extremo, noutra cela, o Novo contempla o mar que rompe contra o muro exterior e se estende libre entre as reixas. Mist permanece, simplemente, deitado no chan, mirando o teito.

Mos: escoito o mar. Perfectamente. escoito o mar perfectamente. O mar. escoito. Que ves?

Ros: *(Silencio)*.

Mos: Fala.

ROS: (*Silencio*).
 MOS: Di algo!
 ROS: O mar.
 MOS: Máis alto.
 ROS: O mar alto.
 MOS: Como é? Como é o mar?
 ROS: O mar?
 MOS: Como é?
 ROS: Como o mar de Cuba.
 MOS: Sabes que todo é mentira. Sabes que nunca estiven en Cuba. Non sei como é o mar de Cuba. Nunca pisei Cuba por última vez.
 ROS: Sabes como é o ceo de Cuba.
 MOS: Claro. Vermello.
 ROS: E ten un azul profundo. Escuro. O mar. Con destellos verdes. Está en calma. Está moi calmo. É síntoma de tormenta.
 NOVO: Ostia de mar! O deserto era mellor ca isto. Alí a cadea era un refuxio, non un castigo.
 MIST: Por que estás aquí?
 NOVO: Desde cando hai que ter unha razón para estar aquí?
 MIST: Se te comportas poderás subir á azotea.
 NOVO: Se me comporto...? Enviáronme eles. Ou é que agora os mortos son os inocentes? Son os que non me mataron. Se non estivese aquí estaría morto. Supoño que aínda teño que estar contento. Enviáronme á batalla. Cúlpanme a min. Eu non son culpable.
 MOS: Ningún de nós é culpable.
 NOVO: Ningún de vós é libre.
 MOS: Iso é o de menos.
 ROS: Iso non importa.
 MOS: Ningún de vós viu morrer ducias de persoas a diario.
 ROS: Xa estabas cego.
 NOVO: Ningún de nós viu medrar os fillos dos mortos.
 MIST: A Venecia.
 NOVO: O que?
 MIST: Eu iría a Venecia, se puidera elixir. Se puideras elixir, onde irías?
 NOVO: Aínda podo elixir así que non me fodas.
 MIST: E onde vas ir?
 NOVO: Xa teño abondo con aguantar todo isto.
 MOS: Non podes elixir. Só podes aguantar. Se intentas escapar, hante coller. Se intentas morrer, hancha impedir. Non podes escoller. Todo é moi simple. Non hai castigo. Non hai tortura. Estás só. Simplemente. Hante sacar para devolverte a esa

cela, simplemente. Para que saibas que non es nada, que non tes nada, que non existes, que non tes onde ir, que seguir vivo é o maior dos castigos ao que te vas someter. Iso si, podes esperar. Podes manter a esperanza de que alguén, algún descoñecido, por algún motivo descoñecido, por algunha causa inxustificada e descoñecida, alguén que non coñeces pida a túa liberdade. Esa esperanza será a única que te pode manter con vida. Pero, desde cando creMos nos milagres, eh? Haste afacer. Un pódese afacer a todo. Mesmo a cagar nesas bolsas nas que traen a comida. Compórtate, mentres o tempo pasa, compórtate. Hai que saber estar.

Cada un fai os seus exercicios.

MOS: As paredes son unha tentación para a cabeza.

ROS: Se non fora contra as normas, haberíache reventar a túa contra o muro.

MOS: Pensei que querías liberarte.

ROS: A miña liberación pasa pola túa morte.

MOS: Pois vas estar preso moito tempo. Comezamos?

ROS: Dálle.

MOS: Mil cincocentos oitenta e oito.

ROS: Inglaterra derrota a España. Os invencibles tamén son mortais. Non me insultes coas túas preguntas para estudantes de primaria. (*A ROS*) San Quintín.

MOS: Mi cincocentos setenta e sete. España derrota a Francia. Non me tomes por parvo. (*A ROS*) Mil oitocentos seis, Francia derrota a Prusia.

ROS: En Jena. (*A MOS*) Prusia derrota a Austria, tres de xullo...

MOS: De mil oitocentos sesenta e seis, en Sadowa. (*A ROS*) Nove días antes, en Custozza.

ROS: Austria derrota a Italia. (*A MOS*) Mil oitocentos noventa e seis, Batalla de Adowa.

MOS: Italia perde Etiopía. Mil oito... Repetiches derrota italiana. Pon a corda...

5.

Luz. Sol. Exterior. Mos domina a Ros, que conserva a corda ao redor do pescozo.

MOS: Ostia de cornetas!

NOVO: (*A MIST*). Iría ao norte.

MIST: Polo frío?

NOVO: Teño un irmán no norte.

Ros: Morreron moitos vellos no norte.

Mos: Cala, can. (*Bátelle*).

Ros: Pola calor. Morreron. Morreron pola calor. No norte.

Novo: Espero que un deles fora o meu irmán. Espero que afogara. Coa calor. Espero. Tiña un irmán. Un irmán xemelgo. Marchou para o norte. EraMos seis. Seis fillos dunha mesma muller. El matou a catro deles. Na guerra. A perda dos seus fillos matou á miña nai. Así que tamén matou á súa nai e intentou matarme a min. Como non foi quen de facelo engaiolou á miña nena e levouna. Con el. Para o norte. Denuncioume e colléronme, despois de voltar da guerra. Comecei a beber porque sabía que se o atopaba estando sobrio haberíao matar. Aínda penso que o había matar.

Mos: Non teñas prisa por contar a túa traxedia. Aquí todos soMos culpables, ou inocentes. Tanto ten. Non es o único.

MIST: Que é o máis importante?

Mos: O que?

MIST: Iso pregunto.

Mos: O máis importante de que?

MIST: Da guerra.

Mos: Que non te collan, rapaz.

Ros: Os homes sempre son os menos importantes. Todo é cuestión de sorte.

Mos: É cuestión de saber estar.

MIST: Que terá que ver?

Mos: Ti nunca soubeches estar na batalla.

Ros: E ti si? Aínda lembro como corrías cando escapaches de Cuba. O rabo entre as pernas, a culpa nos ollos e sen poder parar de correr. Despois botácheste á auga. Nadabas coma un can.

Mos: Non nadaba coma un can. Eu nunca estiven en Cuba.

Ros: Sabes como son os gatos, o ceo e o mar de Cuba. Vinte desde o meu posto.

Novo: Eu estiven en Venecia.

MIST: E como é? Venecia, como é?

Novo: Habíaste marear en Venecia. Sabes nadar?

MIST: Non.

Novo: Quen non sabe nadar séntese incómodo en Venecia.

Ros: Vale nadar de can? (*Mos bátelle*)

Novo: Todo o mundo suspira nas pontes de Venecia e eu collía todo o aire que podía porque afogaba en Venecia.

MIST: Tampouco sabes nadar?

Novo: O xusto para seguir a flote.

MIST: Que pintabas en Venecia?

Novo: Descargaba sal. Iso ao primeiro. Estiven uns meses embarcado no Mediterráneo.

MIST: Ah! A gloria de Venecia! A luz de Tintoretto...Descubrín alí, na batalla...

Mos: Aquela batalla cos turcos...

MIST: Eu vina de perto...

Mos: Eu vivina en primeira persoa...

MIST: A súa luz é algo fantástico, os seus vermellos son impresionantes...

Ros: Coma o ceo de Cuba...

Mos: Cala!

6.

Interior. Penumbra. Desesperanza. Rutina.

Novo: Tes familia?

MIST: Un mordomo, un chófer, dúas criadas, tres periquitos e unha biblioteca repleta de clásicos. Eran os únicos que me dirixían a palabra. O resto da familia renunciou a min cando era novo. Un caso perdido... Non, un bala perdida, iso era o que me dicían. Un bala perdida. Non ten remedio, repetían.

Novo: Que pintas aquí?

MIST: Non pinto. Eu pago, coma ti.

Novo: Simplemente sobrevivín.

MIST: Todos podemos sobrevivir. PodeMos sobrevivir sen case ninguén, sen case. Sen ninguén, só, un está moito máis tranquilo. Eu vivín. E case resucitei. Estiven case morto e ninguén chorou por min. Abandonáronme para que morrera. Mentres perecía pasei case tres anos pechado nun pequeno cuarto branco de dous metros por un setenta e cinco, máis ou menos. Contra a miña vontade. Aínda que daquela non tiña vontade ningunha. Así que isto para min non é suplicio ningún. No alto do habitáculo había unha rendixa pola que me botaban auga e comida. Podía cagar e orinar no chan. Nunha das esquinas do cuarto había unha corrente de auga constante e continua, a canalización estaba á vista. Dábanme ganas de afogar nela. Pensaba moito na miña idade. Case cumprira os vinte e cinco e xa me pecharan para toda a vida, ou case, ou iso era o que me gustaba pensar a min. Pensaba naquel lugar branco e impoluto, naquel traxe branco e immaculado que nos poñían e que disimulaba unha pel pálida e reseca. Sobre todo reseca, ou case. Case podía

disimular a fame, a sede non era problema. Naquel momento non podía imaxinar que outros puideran estar padecendo o mesmo martirio ou que voltaría padecer un castigo semellante tempo despois. Tanta parede branca era unha tentación para a cabeza. Teríame gustado estampala contra algún daqueles muros só para romper o equilibrio, para saber que senten os valentes. E rompín a cabeza, sen maior repercusión. Máis que valentía, sentín decepción. Co sangue cubrín a parede de sangue. Coa lúa nova batía a cabeza contra a parede deica o sangue e despois a paseaba por toda a habitación. Por provocar. Así foi como descubrín a miña paixón pola pintura. As cores cálidas, o vermello... A posibilidade de recuperar-me e de volver a estampar o cráneo contra o muro era o que me animaba a seguir vivo. E no canto de morrer, resucitei na mesma cela entre os mesmos tolos. O de Venecia viu despois.

NOVO: Xa estiveras aquí?

MIST: Dician que tendía á autolesión, pero eu só me sentía culpable. Non quería someterme, non quería alistarme, non quería diseccionar a ninguén, non quería saquear país ningún, non quería aceptar os seus plans... Despois comezaron as súas visitas. Viñan visitarme todos os días, para liberarme. Só tiña que facer a petición axeitada. Ás seis. Sempre ás seis da tarde, menos cinco minutos. Agardaban cinco minutos en silencio a que dixera algo e marchaban. Eu nunca falaba. Un día falei. Díxenlle que quería seguir os pasos de meu pai, como meu pai fixera co meu avó e como meu avó fixera co avó de meu pai, e como o avó de meu pai fixera co avó do meu avó. Alieime con eles. Foi o xeito de escapar. Sucedeu que nunca souben estar na batalla. Os cornetas duramos pouco na batalla. Sobre todo se non temos talento. Colléronme e trouxéronme aquí. Intentei escapar unha vez e volví á mesma cela.

NOVO: Por que non probar outra vez? Poderíame axudar, escapar comigo. Vir coñecer Venecia, o Florian, a roupa tendida nas casas de Venecia, as bragas venecianas...

MIST: Non quero escapar. Non preciso visitar Venecia. Preciso estar vivo, non ser libre.

NOVO: Renuncias á túa liberdade?

MIST: Aquí tamén son libre. Fóra non sabería que facer. Perdes o tempo. Xa me convenceron unha vez.

NOVO: Que pasou?

MIST: Sei que foi moi doloroso.

NOVO: Como foi?

MIST: Non sei.

NOVO: Deberías contar...

MIST: Deixáronme sen memoria.

NOVO: Ti sabes cal é a rutina deste sitio. Podemos trazar un plan.

MIST: Non hai rutina.

NOVO: Ten que haber algún xeito de escapar.

MIST: Non hai xeito de escapar. Espértannos ás seis e media. Paseamos nas celas até as doce, déixannos media hora na azotea e vólvennos meter ás doce e media até as dez. Durante todo ese tempo, non se ve a ninguén. Así é mellor, non sabes o que che poden chegar a facer.

NOVO: A ti que che fixeron?

MIST: Esquecino. Acabas de saír do aillamento. Acabas de saír, non lembrás? Das vexacións, da mangueira, da auga fría, das pálpebras resecas...

NOVO: Non me lembro... Quizáis non haxa ninguén. Nunca se ve a ninguén.

MIST: Sempre hai alguén. Iso é o que din. Agora estannos a escoitar. E non quero ter problemas.

NOVO: Pero podes volver fóra. Eu quero ir fóra.

MIST: Eu non. Agora estannos a mirar.

NOVO: Escoita.

MIST: Non quero problemas. Non se pode escapar.

NOVO: Por que?

MIST: Non quero escapar. Xa o intentei unha vez. Non quero que me quiten o que teño.

NOVO: E que carallo tes?

MIST: A seguridade de seguir vivo.

NOVO: E para que? Para seguir agardando unha visita ás seis?

MIST: Non vou arriscar a miña tranquilidade por un home a quen non lle queda nada fóra. Ou pensas que a túa filla vai estar agardando por ti?

O Novo colle a MIST polo pescozo e dálle unha labazada. MIST descobre que na man dereita lle faltan dous dedos e medio.

MIST: A que te adicabas?

NOVO: Antes ou despois?

MIST: De que?

NOVO: Dos dedos.

MIST: Antes.

NOVO: Andaba ao mar. Até que aquel barco nos botou ao fondo. EraMos catorce homes. Sobrevivimos tres. A auga estaba fría. Quedei inconsciente flotando no mar. Pasei así varias horas, cinco horas, creo, até que pasou perto outro barco e me avistou por casualidade. Estou vivo de

milagre, por unha milésima de segundo. O azar é o único importante. Nunca sentira tanta angustia. Nin sequera aquí dentro sentín tanta angustia. Na lancha de salvamento botei as tripas fóra. Trinta anos andando ao mar sen marearme e no traxecto que percorrín desde que me recolleron no mar ao barco que nos auxiliou, case morro¹.

MIST: E despois?

NOVO: Busquei traballo en terra, nun aserra-doiro. Perdín varios dedos, pero nunca foi tan doloroso como o daquela espera no mar. Comparado con aquilo, ao dos dedos non se lle pode chamar dor. Un supera o imposible e, para que? Para morrer en vida. Aquí me tes, sen lugar ao que querer voltar e con ese mar que me tolea, porque aínda que quixera tirarme pola fiestra dentro dunha desas bolsas nas que cagamos, de que serviría? Non podería... o mar, ese mar...

(Pausa) Había un rapaz, fillo de pastores... tamén pintaba.

Ros: Algúns pintan o que poden...

Mos: Outros non poden deixar de pintar ... a mona...

Ros: E a mona vestiuse de seda...

Mos: E como mona era, mona quedou...

NOVO: Enrolárase connosco porque quería ver mundo e morrer no mar, dicía el. E vaía mundo mirou: o mar de Irlanda, o mar de Noruega, o mar de Islandia, mar, mar e mar, o mesmo mar repartido por todas partes. Era belga, coma o can de augas daquel último barco no que traballei. Sempre debu-xaba o mesmo, a virxe co Xesús no colo, morto. Mira (*Descobre a imaxe tatuada no ombreiro*)...

MIST: Unha piedade...

Mos: Piedade? Quen dixo piedade?

Ros: Piedade? Como podes dicir piedade? Ti fuches o máis impío de todos nós. Sen piedade, sempre sen piedade, repetía el...

Mos: Gustárame non telo feito, pero eran as instrucións. Obrigáronme.

Ros: Quen?

Mos: Eles.

Ros: Non hai eles. Non vai vir ninguén bus-carnos, liberarnos, rescatarnos. Ninguén nos pode salvar. Non me creo a túa traxedia. Eu tamén a vivín. E eu son culpable. Son un arrependido. Agora cargo. Seguirei cargando. Quería conservar o que conseguira. Pero agora non me queda nada. A miña liberdade é un mar exterior. E non sei

nadar. Xa afoguei unha vez. No sangue doutro e no meu propio vómito.

Mos: Eu tamén afoguei.

Ros: Pero eu non acabei con todo canto quería.

MIST: E morreu no mar?

NOVO: Quen?

MIST: O pastor belga.

NOVO: Cumpriu o seu soño de morrer no mar.

MIST: E o can?

NOVO: Tamén morreu, tiña pouco aguante.

(Silencio)

MIST: Que hora será?

NOVO: O sol vai alto.

MIST: Teño que esperar a que veñan. Dixeron que virían ás seis.

NOVO: Que lles vas dicir?

MIST: Quedarei en silencio. E ti, tes familia? Porque un irmán ao que odias e unha filla que non se lembra de ti non son motivos para marchar. E a túa muller?

NOVO: Morreu. No parto.

MIST: E a pequena abandonoute.

NOVO: Odieina sempre. Nunca fun quen de tocala, de mirala, de falarlle, de agarimala...

MIST: Non pensas que estarías mellor aquí dentro?

NOVO: Non son un covarde.

MIST: Eu tampouco.

NOVO: Claro, por iso te agochas. Por iso renunciaches a todo, mesmo á dor.

MIST: Sabes que lle pasou ao pintor que debu-xou a piedade que tes no lombo? Pintaba Inmaculadas. E na cara desas Inmaculadas plas-maba o rostro da súa filla. FerMoso agasallo para unha filla, non? Pero a nena marchou co seu mecenas e os propietarios das imaxes que retrata-ra solicitaron que refíxera o rostro da mesma, para non ter o dunha pecadora. Pensas que hai mellor forma de desterro?

NOVO: Paréceche pouco desterro estar no medio da nada? Eu teño abondo.

Mos: Hai mil formas de desterro.

Ros: Para ser desterrado é preciso non perde-lo todo.

NOVO: Iso é un naufraxio: perdelo todo, menos a vida.

Mos: Eu non perdín nada.

Ros: Perdíchelo todo na batalla.

¹ Declaracións dun dos tripulantes do *Dinish*, que naufragou en maio de 2006 no Atlántico Norte.

7.

Exterior. Cornetas. Sol.

Mos: Ostia de sol! (*Pausa*) É difícil de aturar.
 Novo: O que?
 Mos: Ter ollos e non poder ver máis aló do horizonte. Por iso os queimei. Ao sol. Sequeinos ao sol.
 Ros: Pensei que arderan en Cuba.
 Mos: Chovía en Cuba.
 Novo: Non penso entrar no voso xogo.
 Mos: Por que non?
 Novo: Porque non son un vencido.
 Mos: Caíches, coma todos. Ao final é así. É preciso recoñecelo.
 Novo: Aínda non chegou o final.
 Mos: Por que segues mantendo a esperanza?
 Novo: Por que perdela? Canto a aguantaches ti?
 Mos: Tres anos.
 Novo: Eu non levo nin tres meses. E xa pasaron os insultos, as vexacións, as infeccións, as mamoadas.
 Mos: E as dúbidas, e os remordementos, e...ou é que a diferenza entre ti e máis eu é que non tes conciencia?
 Novo: A diferenza entre ti e máis eu está en que eu non matei por pracer, nin por mandato.
 Mos: Eu só cumprín co meu deber.
 Novo: Tes que cagar en bolsas de plástico que botas ao mar. Tes que mexar nese rego que hai ao final da habitación. Non te podes agochar. Estás exposto. Estás agardando. Non sabes polo que, pero agardas. Non sabes se o mundo segue fóra, pero queres seguir agardando dentro. Xa fuches derrotado centos de veces, pero queres seguir loitando. Non queres renderte. Por que? Porque ao mellor, despois de tanto valor soMos uns pobres covardes. Escoita, aínda estás vivo. Escoita. Es eterno. Xa hai tempo que deixaches de existir.
Mos discute con Novo. Intención de romperlle a cabeza contra a parede, pero contense.
 Mos: Deica agora ninguén rompeu esta calma.
 Novo: Sempre hai unha primeira vez para todo.
 Mos: Para min as primeiras veces tamén foron as últimas.
 Novo: Eu non me vou someter.
 Mos: Eu non cho vou impedir.
 MIST: O sol aínda vai alto.
 Novo: Vante vir visitar?
 MIST: Ás seis.

8.

Interior. Luz. Calor. Humidade.

Mos: Constantinopla, un de outubro.
 Ros: Mil oitocentos noventa e cinco, os armenios son masacrados polos turcos. (*A Mos*) Mil oitocentos trinta e catro, Paris, dezanove mortos.
 Mos: Matanza da rúa Trasnonain. (*A Ros*) Rusia. Século dazaséis, Iván cuarto.
 Ros: Matanzas e devastacións en Novgorod. Mil cincocentos setenta. Eu tamén son responsable. Foi o que elixín. Non tiña nada. Non era a miña guerra pero fun a ela. Vin morrer homes, vin matar homes. Non vin ao inimigo, porque o inimigo é invisible. O inimigo non fala, non come, non dorme, non ama. Unicamente odia. Ódiate. Ou iso foi o que nos dixeron. Desde o aire o inimigo é invisible, pero aínda así non te queres tirar, bótante. Desde o aire o inimigo non existe até que caes sobre el, e el abalánzase sobre ti. E despedázate, arríncache o fígado, os dedos, a lingua. Como lle terías feito ti se fora ao revés. Comigo comezaron pola pel, era o único de valor que tiña. Cando crin que me viñan rescatar, metéronme na cadea. Non lles vin a cara. (*Silenzo*) Pero a ti vinte perfectamente, sentado como estaba na miña garita. Lembras?
 Mos: O que?
 Ros: Pon a corda entre as pernas.
 Mos: Por que? Non gañaches. Aínda non rematamos.
 Ros: Fun o espectador privilexiado daquela barbarie. Quizáis non te lembres, pero vinte perfectamente. Segues sen lembrar.
 Mos: (*Nega coa cabeza*)
 Ros: Non lembrás?
 Mos: (*Nega coa cabeza*)
 Ros: Lembras agora?
 Mos: Si.
 Ros: Miaña.
 Mos: Miau. (*Asentindo*)
 Ros: Lembras ben aquel gato?
 Mos: Miau.
 Ros: Tiña fame. Eu máis que o gato. E a min tamén me arrincaron a pel. E a aquela rapaza? Lémbrola? Era verán. O sol xa ía de recollida, como agora. Levo a súa maldición... por non tela salvado. Estiven alí, de pé, observando como xogabas a facer branco en cada unha das súas articulacións. "Para ver canto podía sufrir", dixeches. E non diches no branco nin unha soa vez.

“Problema do punto de mira”, dixeches. O problema era sempre o punto de mira. E en vez de disparar contra ti, tentei razoar e convencerte con palabras. Mentres ela me fitaba e me desexaba a máis lenta das mortes. E aquí está a súa vinganza. SoMos as nosas propias vítimas. A última das nosas propias vítimas. A vinganza chega en forma de onda, unha onda que me bate unha e outra vez por ese mar. Ostia de mar! Podía rebentar a parede e levarnos con el. *(Pausa)* Lembras?

Mos: Si.

Ros: Non fales, miaña.

Mos: Miau.

Ros: Todo?

Mos: Miau.

Ros: E o de Cuba?

Mos: Nunca estiven en Cuba!

Ros: Se cadra non eras ti.

Mos: Como foi a visita?

MIST: Dixeron que remataron os bombardeos. Querían liberarme.

Novo: Que lles dixeches?

MIST: Que chegaran tarde. Por primeira vez chegaran quince minutos tarde. Pasaban das seis.

Novo: Ostia de mar!

(Mos e Ros comezan a rir. Siguen Novo e MIST, que non entende o significado do momento)

Ros: Sabes que é o peor de todo isto?

Mos: Que?

Ros: Que sigo sen ter sono.

Soan cornetas e tambores mentres aparece o final

Setembro, 2006